O IRIXO: A TERRA DOS MIL CINCOCENTOS HÓRREOS.MUÍÑOS E FORNOS. CONSTRUCIÓNS TRADICIONAIS (I PARTE)

En agradecemento aos/ás sempre, moi amables lectores/-as, este agasallo visual que, nestes días de inverno, nos pode sorprender nalgúns recunchos do concello

As reflexións que seguen sobre as construcións tradicionais na contorna do concello do Irixo, como aconteceu noutras latitudes da xeografía galega ou allea, obedecen case sempre a motivacións que tiveron que ver co espazo, o tempo (cronolóxico e meteorolóxico) e as materias primas empregadas.Neste sentido, non descubrirei nada novo que non sexa coñecido, se como é sabido, o concello, desde o punto de vista da orografía é definido no seu conxunto como un val de montaña, pero, con moitos matices; porque nos estamos a mover nunha abano de altitudes que van desde os 400 metros ata os 1000, e esta variable repercute sobre o clima, a paisaxe e como non sobre a arquitectura tradicional, cando superar as dificultades para acadar un certo grao de comidade nos fogares eran case inimaxinables: paredes de granito asentadas ao vivo, portas e ventás que coma coadores permitían a entrada do frío, lareiras e cociñas económicas que só transmitían a calor ao seu redor, sabas e cobertores tecidos nos teares tradicionais, e así ata unha longa nómina de calamidades ás que se puido ir sobrevivindo con máis pena que gloria.

Dicía que a altitude e as materias primas de cada nivel son dous elementos claves na configuración das construcións tradicionais. Así, e de xeito moi sinxelo, observamos que o granito, ben sexa en grandes bloques de perpiaño ou en mampostería, é o compoñente básico das construcións no nivel que poderiamos considerar como medio-baixo en canto á altitude; mentres que a pizarra, algunhas veces combinada con granito, é maís común naquelas zonas máis altas próximas aos lombos do Testeiro, O Bico Seco, Pena Negra, etc.

A outra mateira prima fundamental na construción tradicional é a madeira. Así como as paredes eran o piar fundamental para a seguranza da edificación, no resto da estrutura era a madeira a materia prima por excelencia: as vigas, tercias e cangos, que adoitan ser de carballo, soportaban o pesado cume e cubrición, primeiro de colmo de centeo, e a mediados do século XX empezouse a estender o uso da tella plana entre nós [*En 1917 o cronista e amigo de don Román, D. Antonio López y Carballeira, comentaba que "el caserío que rodea la casa del Hidalgo de San Cosme tiene marcado carácter montañés...Sus viviendas están cubiertas de* ***paja****" ."Entre las viviendas descuella la casona,única que ostenta tejado, con su erguida chimenea, sus fuertes defensivos en los ángulos,de recia sillería y de señorial aspecto"*].

Ademais, portas, ventás, pisos, divisións e faiados, cando non podían ser de castiñeiro, podía darse o caso, menos frecuente, de empregar o recén estreado piñeiro e eucalipto.

Canizo da cociña de lareira e tellado restaurado que conserva parte das madeiras orixinais

Xunta estes dous recursos básicos, a madeira e o granito/pizarra, empregábase o barro -como antecedente do cemento- para asentar as pezas de mampostería que formaban esas grosas paredes,

ou, por exemplo, rexuntar as pezas do forno, ademais de ser a base da alfarería,e así aparecen moitas veces na onomástica os casos de "O Barreiro", "A Barreira" , "Dobarro", "A Barrela"...Podería cabilarse que a presenza das barreiras facilitase a fabricación de tixolo (ladrillo), sen embargo, non nos consta que así fose, e, como moito, se puido desenvolver algunha actividade de alfarería na Ponte, xa que, Vicente Risco documenta que ao seu paso por este lugar ao redor de 1926, alguén traballaba un barro de vivas cores.Un *cacharreiro* [o que eu lembro] viña da parte de Ourense -quizais Niñodaguia- e, ademais de ter posto estable na feira do Tellado, ía polos lugares ofrecendo todo tipo de "cacharrería".
O único material de orixe mineral que, ás veces podía ter presenza naquelas vivendas máis acomodadas, era o ferro, empregado, sobre todo nas solainas e algunhas pezas de cerre de portas ou ventás:



Típica solaina en Santiso (1916) e palleiro,"cuberto" tradicional, en Saavedra (1940)



Igrexa do Campo e vivendas no lugar da Lama. As construcións anexas á igrexa ían cubertas con lousa, hoxe substituída por fibrocemento.Na Condomiña do Campo,conxunto típico de sobrado na planta alta; o curro, accesos ás cortes e cociña de lareira no nivel inferior. Nas outras imaxes, núcleo do lugar de Saavedra, cociña de lareira que, frecuentemente compartía habítáculo cos animais, especialmente os porcos.

Nas seguintes ilustracións, móstranse diferentes solucións construtivas segundo o medio no que predomina un tipo de material ou outro.Así, desde a acomodada casa de Valdesoiro en perpiaño e galería na que xa houbera taberna familiar e que continuou Sergio nas Laxas, pasando pola reitoral de Parada; a que puido ser pousada de arrieiros na Ermida do Campo, ata o solleiro forno de Subirol ou a pasaxe aérea nesa vivenda famiiliar de Froufe son senlleiros exemplos desta construción tradicional e, á vez, ben sólida no exterior, aínda que dentro houbese que "tremer a maleita".



Como non son especialista en nada, e menos en arquitectura, nin quero dar lecciónns de nada a ninguén, só me propoño con estas liñas torcidas, que, ata onde sexa posible, se preserve este patrimonio tradicional respectando a tipoloxía das construcións e os materiais propios de cada espazo natural. É ben sabido, que nin as administracións públicas nin moitos dos propietarios temos capacidade para a restauración e conservación dalgúns destes bens tradicionais, pero que, polo menos, cando se leve a cabo algunha restauración se teñan presentes os requisitos establecidos na normativa autonómica e local para evitar e superar algunha que outra aberración cometida ao longo dos tempos, e así non caer no feísmo xa abondo estendido entre nós.

Hai un proxecto de PXOM do concello do Irixo, pendente de aprobación definitiva, cun catálogo moi extenso dos bens a protexer, moi ambicioso sobre o papel, sobre todo naqueles espazos interiores (21 *Núcleos singulares*)dos lugares que, de darlle cumprimento, sería moi loable, pero, a realidade que se impón é a ruína da maioría deses bens, xa que o que prevalece é o abandono e, unha vez máis, a *Galicia Baleirada*, no concello do Irixo, é unha realidade desoladora.Non serei eu quen propoña coidados paliativos, porque non me corresponde, pero, desde logo, se estamos a reivindicar unha MARCA O IRIXO, os sectores produtivos, especialmente o primario [gandería e forestal] tería que sufrir unha transformación radical, porque este, xunto coas industrias transformadoras da madeira -serradoiros- do leite e da carne foron e debían ser a base dun futuro máis sobranceiro. Non é imposible, pero complexo, se non se pode poñer en valor a terra sen unha intervención decidida sobre aquela e que pasa obrigatoriamente pola superación do minifundismo.Quen?: "*Doutores ten a Santa Madre Igrexa*."

Este PXOM provisional, por exemplo, na súa introdución fai referencia a un elemento tan extendido como o estado ruinoso no que se atopan: O HÓRREO, que, botando man da lexislación do ano 1973 do Decreto Lei nº 449 "*todos aqueles que sexan considerados de antigüidade superior a cen anos quedan automaticamente protexidos".*

Son miles os hórreos que, a pouco que nos despracemos polos lugares abertos ou pechados, imos descubrir nas máis variadas solucións arquitectónicas: o máis tradicional é aquel que se levanta sobre un terreo elevado, próximo á eira ou vivenda familiar, sobre piares de pedra para evitar o acceso dos roedores e, ao mesmo tempo, obter a mellor ventilación posible para os cereais. A parte aérea para completar a aireación resólvese con madeira, os balaústres, e maís modernamente con tixolos furados [Ignoro se pode existir no concello algún que resolva esta parte con pedra]. Son construcións rectangulares, estreitas, e cuxa cuberta máis tradicional se resolvía con lousa. O número de "claros" é directamente proporcional á economía familiar; véxase, por exemplo, os que hoxe aínda se manteñen como xoias arquitectónicas, que pertenceron ao fidalgo de Cusanca, don Román, no lugar da Sueirexe; na Ponte, o dos herdeiros de dona Manuela, [ambos os dous escoltados por senllos pombais] ou o que se converteu en "horreoseto" mirador sobre a plataforma da vivenda da casa dos Castro-Meije no Concieiro.

Hai tantos, porque, se botamos a vista atrás, e temos en conta que o número de habitantes que chegou a acadar o concello do Irixo de ata 6000, cunha media de catro persoas por familia, xa que, fose máis grande ou máis pequeno, individual ou colectivo, cada unha delas tiña o seu, podemos acadar a cifra de 1400 hórreos.

En xeral, podemos concluír que os maís antigos non contan con inscricións de propietarios nin da data na que foron construídos, sen embargo, hai varios nos que si se poden observar estes datos, así como algún que outro motivo decorativo: reloxo de sol en Souteliño, e outros como cruces ou elementos que se relacionan coa fertilidade ou sacralizados.O que está a suceder na actualidade é que, a maior parte deles presentan un estado ruinoso, sen tellado, sen portas nin balaústres, e outros xa non se lles identifica porque quedan ocultos baixo a vexetación espontánea de hedras, silvas e sabugueiros

Non habería que ir cabilando en solucións máis enxeñosas que a de simplemente "protexer por decreto", porque o único que se está conseguindo, agás moi honrosas excepcións, é a ruína total de algo moi digno de conservar,como son os hórreos, pero que, máis pronto que tarde, pasarán a ser catalogados como motivos arqueolóxicos ao xeito das mámoas, petróglifos ou os castros.Non sería

posible unha lexislación máis acorde coa realidade do século XXI, que de xeito racional e ordenado permitira, por exemplo, o translado dalgunha destas construcións privadas segundo o interese do propietario, sen que isto se convertera nun mercado ilegal?

Veláí unha pequena mostra dos moitos exemplos de hórreo, canastro ou cabaceiro, que sobreviven no concello do Irixo: A Ponte, Subirol,e Orros nas imaxes máis grandes;á dereita: A Bugalleira, A Barcia e Saavedra.Estruturas e materiais de orixe diversa comparten un espazo común pero

diferenciadas pola capacidade económica e o interese dos seus donos.

VISUALIZACIÓN DO CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL SEGUNDO A XUNTA DE GALICIA PARA O CONCELLO DO IRIXO



Con esta reprodución da maior parte do territorio do concello, mostramos a inmensa riqueza patrimonial recollida nese catálogo e que pode consultarse no *Plan Básico Autonómico 2020-INFORMACIÓN XEOGRÁFICA DE GALICIA da Xunta.*

Se como se ten dito que Galicia é unha terra privilexiada por aquilo do número máxico dos "*mil ríos*", "*as mil primaveras máis para a lingua galega*", ou, como vimos de apuntar, polos *"mil catrocentos hórreos*" do Irixo, case poderiamos engadir a esta relación, "*os mil muíños*" ou "os *mil fornos*".

Así, se o hórreo era o banzo inmediato dos froitos (millo, fabas...) da leira á mesa, o muíño e o forno constitúen os niveis intermedios. O número destas construcións redúcese considerablemente, aínda que, como pode comprobarse, son moitos os que se manteñen en pé ou en ruínas nas marxes dos regatos ou do rió principal, O Viñao ou O Pedriña.

Sobre a súa antigüidade e construción habería que remontarse á noite dos tempos para moer o gran de trigo e centeo, pero, sobre todo, a súa máxima expansión daríase cando se introduciu o millo, despois da conquista de América, e os muíños se reproducían coma cogumelos [Véxase como exemplo máis curioso o dos muíños do Folón/ do Picón no concello do Rosal, que na aba do monte se instalan en cadea aproveitando a auga duns para os outros].

Se nalgunha construción inflúe de xeito decisivo o terreo, para o caso do muíño é fundamental: polo aproveitamento da auga e pola propia estrutura que en moitas ocasións se resolve a unha soa auga, ou, como moito a dúas.

Cando a auga se recolle directamente da canle do río, aquela desvíase cunha presa, que xeralmente chega ao muíño sen necesidade dun grande "cubo", porque a presión é suficiente para mover o "rodicio"; nos demais casos case todos os muíños contan cun depósito (cubo) que a modo de "encoro" concentra a auga ata converterse en enerxía hidráulica.

A maioría dos muíños no Irixo contaban cun só pé, ou dous, e, excepcionalmente, con tres, por exemplo algún dos de propiedade unipersoal en Valdesoiro.

O réxime de propiedade podía ser particular, ou de maquía, en cuxo caso cada usuario debía pagar ao dono en especie ou en metálico; os comunitarios foron pasando dunha a outra xeración e formaban parte da masa hereditaria de cada núcleo familiar e así constaba na partición dos bens.

No Catastro de Ensenada hai unha longa relación de propietarios, así como as características de cada muíño: os de "pedra negra" para moer o millo/ centeo e os "albeiros" para o trigo [este practicamente inexistente]; ademais da renda que se lles impoñía segundo os meses que puideran moer. Así, muíños "urbanos" como o da Condomiña ou Marnotes só se lles contabilizaban para eses efectos o tempo de inverno, mentres que os do "Valente, Tomás ou Do Fondo" no Viñao,entre Orros e Reádigos se estimaban pola moenda anual.

Na actualidade, aínda que se leva feito algún intento de conservación e restauración, a realidade é que están chamados á ruína, a pesar de que a súa estrutura se mantén firme pola calidade da construción a base de cantería de granito e, os tellados, case sempre de lousa. Algúns non son tan antigos, pois, por exemplo, o muíño de Ríos (Vila) se é a data de construción orixinal na fachada consta como 1941.Outros, como o da “Casa Grande de Dadín” ou do “Freixeiro” -entre Orros e Saavedra- hoxe dos propietarios da presa e das parcelas; ou o da Condomiña presentan un estado de consevación excepcional, e así unha longa listaxe que no seu mellor momento puido acadar a cifra máxica dos “mil muíños”.


Muíños no Campo segundo o Catastro de Ensenada, 1753

Resulta unha obviedade engadir que a importancia da auga foi e é un elemento esencial en toda esta economía de subsistencia para as persoas, os animais,os vexetais e os muíño, por iso non han de sorprendernos os conflitos que, historicamente, se tiveron que resolver perante a xustiza polo aproveitamento dese recurso.Houbo algúns destes conflitos que duraron máis de un século e que chegaron ata o nivel máis alto de decisión; por exemplo o que mantiveron parte dos veciños da Cidá e dos do Campo con respecto aos mananciais que veñen da parte de Nabás e do Bruñedo que van verquer ao regato Liñares e despois regan e abastece a Orros desde a tapacuña da Coruxa pola presa da Levada; algo semellante sucedera entre algúns dos veciños de Cusanca cos do Campo, incluído o párroco desta parroquia polo muíño que tiña preto das Campinas e os demais veciños da contorna que ían moer ao da Ponteferreira e algúns máis que hai por alí. A mediados do século pasado, e como unha necesidade urxente para abastecer de auga a vila do Carballiño, o seu alcalde propuxera como solución canalizar o que veñen sendo as augas que verquen ao regato Pedriña desde varios lugares da parroquia de Loureiro. Cando xa se daba todo por feito, os veciños da parroquia

liderados polo párroco e veciño da mesma, Antonio González Bernárdez, botaron abaixo o proxecto e así, no día de hoxe, o vecindario de Lousado defende que teñen a mellor auga do mundo.
Desde o momento en que o Estado exerce un maior control sobre as augas, é a partir de comenzos do secúlo XX cando a construción dos muíños xa resulta máis complexa, así vemos como estas licencias de aproveitamento hidráulico, aparecen moitas veces vencelladas a algúns serradoiros da man de emprendedores como:

APROVECHAMIENTO HIDRAULICO.— Por doña Jovita Gil Cerdeiro, se ha solicitado un aprovechamiento hidráulico, para fuerza motriz, con destino a molino y serrería, en términos de Irijo.

EL P. GALLEGO:27/3/1934

panado del inspector de sanidad señor Boento y del teniente de seguridad, informándose de lo ocurrido e interesándose luego por el estado de los he-

CORREO DE GALICIA:11-02-1923

VARIAS NOTICIAS

En el gobierno civil se han recibido los nombramientos de alcaldes de R. O. de Barco de Valdeorras, oVIga y Viana del Bollo.

Le ha sido otorgada a don Claudino Noguelras, vecino de las Campiñas, en Irijo. la concesión de un aprovechamiento hidráulico del río Puente Ferreiro, con destino a molino harinero y herrería mecánica.

Posteriormente, cando se estendeu o uso da electricidade como enerxía para as máquinas de aserrar, agunhas instalacións eran compartidas cos muíños eléctricos, tal e como sucedeu no Coto das Laxas (Julio); ou na Pedriña (Aurelio). Os muíños eléctricos de propiedade privada que se estenderan por todo o concello foron tamén relegados,porque, o pouco gran que se obtiña da colleita de millo, centeo ou trigo, era moído nas casas cos muíños eléctricos de propiedade familiar. Así, segundo

avanza o século XX, uns e outros muíños xa só quedan na lembranza daquelles que de día ou de noite tiñan que respectar as quendas e que non apeasen por causas das enchentas ou falta de auga.

Algunhas mostras de muíños que neste século XXI se manteñen en pé: De arriba abaixo: Marnotes, A Condomiña, O Freixeiro (Orros-Savedra) e Santiso.

Desta volta, e a modo de completar o "ciclo do pan" no que á trasformación do gran se refire, nun número non tan elevado como o dos hórreos ou dos muíños, recollemos algunha referencia sobre outra construción tradicional como é a dos fornos, que, tamén comparten características similares,

sobre todo cos muíños, en canto á propiedade e materiais construtivos.Son moitos os que eran comunitarios e, polo tanto, as quendas para cocer estaban repartidas entre os seus propietarios, e algunhas familias contan con forno propio, ben sexa como integrado na cociña de lareira ou nunha construción anexa á vivenda.Unha pegada externa que se pode observar en varias construcións tradicioanis é esa forma semicircular que sobresae no perfil dalgunhas construcións, en cuxo interior está a porta para enfornar pero aproveitase o exterior para gañar espazo dentro da vivenda.
Os materiais empregados son o granito para o exterior e a base do forno, e a "cúpula" podía resolverse a base de tixolo especial para soportar as altas temperaturas e barro a modo de cemento.Cando se trata de fornos illados do resto das construcións case sempre presentan unha construción sinxela a dúas augas, paredes a base de perpiaño ou mampostería e, tal e como é común polas parroquias máis montesías, a pizarra adoita ser case o material exclusivo para paredes e tellados.

Fornos na Eirexe, A Cidá, O Cardedo, Valduíde(Ano 2021)

XULIO DOBARRO FERRADÁS